

# Entrevista radiofónica a Carvalho Calero

Transcripción da entrevista realizada o 17 de agosto de 1980 no programa "Gallegos de hoy" do *Centro de emisión del noroeste* de Radio Nacional de España



**Hoxe imos falar con Ricardo Carvalho Calero, catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Facultade de Filoloxía na Universidade compostelana e membro numerario da Real Academia Galega.**

**Na historia da nosa cultura, a obra deste filólogo, Ricardo Carvalho Calero, é dunha enorme importancia, no seu dobre aspecto lingüístico e crítico literario. A obra de Carvalho Calero non é soamente científico-filolóxica, senón que abarca tamén a poesía, o teatro, o ensaio e a novela. Graciñas por deixarnos parte do seu tempo.**

**E quixeramos comezar xa a conversa preguntándolle a partires de que época pode considerarse a lingua galega como entidade propia de idioma?**

A lingua galega, como as demais linguas hispánicas derivadas do latín, ten un nacemento progresivo que non se pode datar con exactitude. Non hai, como digo, a posibilidade

de fixar unha data concreta porque os idiomas non xorden subitamente. Non nacen como nacen os seres do mundo animal, nun minuto determinado, nunha hora determinada, dun determinado día, dun determinado ano. Endebén, hai que considerar que podemos entender que o galego existe cando as transformacións sufridas polo latín fan que xa os falantes espontáneos desa lingua evolucionada, non entendan o latín escolástico, o latín culto. Foron decisivos, desde logo, para a formación do galego, os séculos IX e X pero estes séculos foron decisivos para a formación do galego en canto lingua falada. Podemos afirmar que por esta época xa se falaba galego pero non se escribía. Os primeiros textos escritos enteiramente en galego son de principios do século XIII ou fins do século XII, se ben con anterioridade, nos documentos escritos en latín xa se infiltraban moitas formas romances, no noso caso galegas, que acreditan a realidade de que o idio-

ma que se falaba era xa galego. Ou sexa, que ese latín que introduciron os romanos no noso país xa estaba suficientemente transformado polo contacto coas linguas indíxenas e por unha serie de circunstancias de tipo histórico-social que podemos considerar que nacera outro idioma, que nacera o galego-portugués, xa que naquela época toda a franxa occidental da Península falaba diversas variantes do mesmo romance.

**O galego é unha lingua fragmentada ou as súas diferenzas son matizacións locais que non afectan á súa unidade lingüística?**

Indubitablemente, o que ocorre é o segundo dos presupostos que vostede enumera. O galego é unha lingua estruturalmente moi unificada. Moito máis unificada que o castelán. Hai moitísimas variantes do castelán e moitas menos variantes do galego. Mais convén reparar no feito de que en moitas ocasións hai un grande equívoco cando se trata este problema. Que o galego é unha lingua máis unificada que o castelán é rigorosamente certo en canto a lingua falada. Se comparamos a fala dun galego de Viveiro coa fala dun galego da Guarda, por exemplo, observamos diferenzas que son simples matizacións de carácter local. Se consideramos o romance central e comparamos a fala dun labrador, dun gandeiro por exemplo de Santillana ou de Polanco coa fala dun labrador andaluz, dun pastor de Serra Morena, por exemplo, observaremos que as diferenzas neste segundo caso son moitísimo maiores. De xeito que aquel vello prexuízo segundo o cal o galego estaba pulverizado en dialectos é absolutamente erróneo. Pero o castelán, desde o punto de vista da lingua escrita, como foi un idioma oficial desde o século XIII, ten efectivamente unha maior coherencia. Non podemos comparar pois, o galego escrito co galego falado nese aspecto. O galego falado ten entre si menos diferenzas, menos matizacións que o castelán falado pero por suposto o galego escrito non presenta a unidade do

Setembro de 1987. Conferencia na Asociación Cultural "A Estrada"

Voda en Rianxo (decembro de 1977) de Carmen García Rodríguez e Xosé Bravo Frieiro. M<sup>a</sup> Lidia Fontoira Surís (2<sup>o</sup> pola dereita), e Aurora Marco (3<sup>a</sup> pola dereita)

castelán escrito, do castelán académico e iso compréndese perfectamente. A realidade é que o galego era lingua de todos os habitantes do noso país durante a Idade Media pero a partir do século XIV e, despois, a partir do século XVIII, houbo unha transformación demográfica moi importante en Galiza. Isto determinou o carácter diglósico da vida lingüística en Galiza. E ben, cando pensamos que desde fins da Idade Media a lingua escrita dos galegos e do castelán comprendemos que non sexa posíbel unha unificación da lingua escrita demasiado rápida. O castelán inverteu varios séculos en formar unha lingua literaria, sendo ademais a lingua oficial, a lingua da Corte. Mentres que non hai unha Corte no noso País desde fins da Idade Media. Non hai un ensino en galego e todo isto explica naturalmente que imos con retraso modernamente no aspecto da unificación, da organización, da normalización, da normativización do noso idioma.

**Profesor Carvalho Calero, que transformación está experimentando o idioma galego na actualidade?**

A principal transformación que experimenta o noso idioma actualmente é a transformación dunha lingua en estado dialectal, dunha lingua puramente coloquial con repercusións literarias pero sen suficiente organización de tipo normativo en lingua con cohesión, en lingua que se edifica sobre unha base científica. Os nosos escritores do Rexurdimento escribían como falaban e falaban como falaban os campesinos do seu entorno. Unha lingua literaria ten que superar as formas coloquiais, que son múltiples, xa que toda realización efectiva dunha estrutura idiomática se diversifica en distintas proxeccións. Pero a lingua literaria, a lingua científica, a lingua administrativa, ten que presentar uns caracteres de fixeza que esixen selectividade nas formas coloquiais. Agora estamos en condicións excelentes para dar o paso definitivo neste aspecto porque desde hai, quince, vinte anos, os estudos filolóxicos sobre o galego avanzaron moi-



tísimo. Hoxe existe na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago unha subsección de Galego-Portugués que xa proporcionou tres promocións de licenciados. Sabemos moito máis da nosa lingua do que soubemos nunca. Nestas condicións existe xa a base científica necesaria para dar o pulo definitivo á fixación da lingua literaria.

**A asimilación das verbas nun idioma é laboura de anos. Non lle parece que a incorporación de no-**

**vos termos ao galego urxida pola necesidade de engadirle as verbas de vocabulario castelán estase facendo demasiado a présa?**

Máis que demasiado as présas, faise en ocasións demasiado á lixeira e sen conciencia das posibilidades de axuda que nos pode proporcionar neste terreo a existencia dunha forma do español occidental, do galego-portugués que xa realizou esa asimilación, non tanto do castelán como





Conferencia conxunta en Sargadelos de Carvalho Calero con Ramón Piñeiro, co que manterá unha relación complexa, pasando por momentos de profunda colaboración e outros de grande tensión



de outras linguas de cultura, ás veces linguas sabias. Ao pasar do estado puramente coloquial, ao deixar de ser unha lingua puramente rural, claro está que o galego necesita introducir unha serie de termos no seu vocabulario pero non esquezamos que o portugués orixinariamente non é máis que a forma meridional do galego e que mentras no século XI o país galego do norte se adscribiu politicamente a León e Castela, a parte do sul que se emancipou da vasalaxe dos reis casteláns desenvolveu un estado independente no que o galego transformado en portugués tivo que afrontar eses problemas de que vostede fala. Non debemos esquecer, pois, que temos o modelo das solucións portuguesas que non sempre serán adaptábeis ao galego actual pero que están aí e deben ser tidas en conta. Neste sentido, aplicando as coñecidas normas de fonética histórica que determinan a evolución dos termos que un idioma asimila non ten por que ofrecer pro-

blemas a admisión de neoloxismos por parte do galego. O que é preciso é que naturalmente o ensino da lingua proporcione unha conciencia de cal é esta forma de asimilación para evitar solucións hiperenxebristas, ou solucións castelánistas ou, en suma, solucións arbitrarias.

**Profesor Carvalho Calero, que lle parece se cambiamos o rumbo da nosa conversa e nos conta ao nosos ouvintes un pouco da súa historia persoal?**

Non hai inconveniente, ben sabido e ben sentado que a miña historia persoal é sumamente humilde e que ten escasísima importancia a miña vida e polo tanto debemos pasar rapidamente sobre ese tema.

**Vostede é ferrolán, non?**

Si, efectivamente, son ferrolán, do Ferrol vello, da parte máis enxebre, da parte máis característica do Ferrol, do Ferrol que xa existía antes da grande transformación que no século XVIII experimentou esta cidade baixo

o pulo do despotismo ilustrado porque o Ferrol tal e como o coñecemos hoxe é principalmente unha obra da administración dos Reis Fernando VI e Carlos III. Pero existía antes un pequeno Ferrol, non maior que Mugar dos, que está en frente, á outra banda da ría. O Ferrol vello, na parroquia da Virxe do Socorro. E alí nacín eu e fun baptizado.

**E alí, tamén en Ferrol, estudou as primeiras letras...**

Si, efectivamente estudei as primeiras letras en Ferrol. En realidade, a min as primeiras letras ensinoum a miña nai. A miña nai ensinome a ler nas páxinas de *El Correo Gallego*. Entón se publicaba en Ferrol. Pasei despois a unha escola e o meu bacharelato curseino no colexio do Sagrado Corazón dirixido por un escritor galego interesante, Don Manuel Comellas Coimbra porque naquela época non existía Instituto de Ensino Medio en Ferrol. Esta foi unha conquista do alcalde Don Antonio Usero en tempos do goberno de Don Miguel Primo de Rivera. De xeito que eu fixen o meu bacharelato na maior parte das asignaturas no Instituto da Guarda da Coruña. Tamén aprobei algunhas asignaturas noutros institutos, entre eles o Instituto de Lugo. Pero en fin, as primeiras letras e as segundas letras, os estudos de bacharelato, fíxenos en Ferrol.

**Foi un bo estudante?**

De bacharelato non fun estudante especialmente notábel. Non, non me destacaba de ningún xeito. Estudei por libre, claro está e, polo que queira que sexa, o meu expediente como vostede pode comprobar xa que, como lle digo, obra no Instituto da Guarda, é un expediente mediocre.

**Pasan os anos e vai a Santiago a ingresar na Universidade. Estuda Filosofía e Letras e Dereito. Por que escolle estas carreiras?**

Filosofía e Letras escollina porque realmente eran as letras que me atraían. En canto a Dereito, que fixen en parte simultaneamente con Filosofía e Letras foi unha carreira

Conferencia sobre Valle Inclán na Universidade de Santiago de Compostela

Exposición bibliográfica na Estrada no 1987. Xoán Carlos Garrido, David Ovidio –fillo de Manuel García Barros– e Carvalho Calero



elixida por razón da súa maior rendabilidade. A carreira de Filosofía e Letras non tiña máis saída entón que o profesorado, o profesorado oficial pero existían moi poucos institutos. As oposicións verificábanse moi de tarde en tarde. Non pertenzo a unha familia con recursos económicos que me permitiran o luxo de ter un título que non exercera. Entón estímorese na miña casa que a carreira de Dereito tiña máis saídas como entón e, aínda agora, se di. Así que fixen a carreira de Dereito, por certo cun expediente moi bon. E como a miña afección en realidade non era a ciencia xurídica senón a ciencia filolóxica, despois de rematar a carreira de Dereito fixen por libre a maior parte dos estudos de Filoloxía, licenciándome efectivamente algúns anos despois en Filoloxía, que entón non era Filoloxía. Non había máis que a carreira de Filosofía e Letras. Logo doutoreime xa serodiamente en Madrid, cunha tese que se titulaba "Aportaciones fundamentales a la Literatura Gallega Contemporánea" e cuxo texto está publicado na colección Románica-Hispánica da Editorial Gredos.

**De moi novo comezou a cultivar a literatura. Curiosamente as súas primeiras publicacións foron libros**



**de poesía. Foi isto unha debilidade xuvenil?**

De nengún xeito, teño unha efectiva vocación poética e non deixei nunca de cultivar a poesía. Aínda que a publicación de libros de versos sexa aínda intermitente na miña historia bibliográfica.

**Vosté foi membro da chamada Xeración do Seminario de Estudos Galegos e tamén mantivo un contacto moi estreito cos mestres do grupo** Nós,

**fundado no ano 1920 por Castelao e Risco. Fálenos del.**

Si, efectivamente. Eu cheguei a Santiago de Compostela no ano 1926 e inmediatamente me puxen en contacto co Seminario de Estudos Galegos. Eu son dos hoxe vivintes, un dos máis típicos, dos máis característicos membros da xeración do Seminario de Estudos Galegos, non da primeira promoción. O Seminario de Estudos Galegos foi fundado





por Bouza Brei, xa falecido, Filgueira Valverde, Tobío, Martínez López, vivos os tres felizmente. Eu pertenzo a unha promoción posterior. De maneira que estes homes foron en certo modo os meus introdutores no terreo das inquiredanzas científicas de tipo filolóxico e de tipo histórico proxectadas sobre o noso país. Aínda que eu tiña xa escrito -porque eu fun un escritor moi precoz- tiña escrito xa en galego. Tiña publicado versos galegos sendo practicamente un neno en periódicos e revistas da localidade onde nacín. Os membros do Seminario de Estudos Galegos..., eu cheguei a ser Secretario Xeral do Seminario de Estudos Galegos. Criámonos na admiración e na venera-

ción polos homes da Xeración Nós. E colaboramos na revista Nós. Agora se está facendo, como vostedes saben, unha edición facsímil daquela revista e aparece moitas veces a miña firma naquelas páxinas. Os homes da Xeración Nós eran extraordinarios e todos os galegos de hoxe con conciencia do interese científico ou literario que reviste o noso país e a nosa historia deben sabelo. Nós debemos, pois, ser discípulos de Otero Pedraio, de Risco, de Florentino López Alonso Cuevillas, todos os cales foron grandes amigo meus, uns íntimos amigos. De maneira que, efectivamente, eu considero como mestres meus a estes homes de Nós e tamén se se quer a estes homes da primeira promoción

do Seminario, que eran compañeiros, pero compañeiros máis adiantados.

**No ano 1951 a primeira novela que se publica en galego despois da Guerra Civil é unha de vostede.**

A *xente da Barreira*, si, efectivamente. Foi unha novela que gañou un concurso pola Sociedade de Bibliófilos Galegos e esa á a primeira novela en galego publicada despois da Guerra Civil. Dentro duns días aparecerá unha nova edición desa novela. Cicais estexa a punto de saír do prelo.

**E, Profesor Carvalho Calero, non podemos esquecernos da súa aportación ao teatro galego.**

Moi ben, vostede é moi xentil ao considerar que no campo do teatro fixen algo digno de non se esquecer. O certo é que, efectivamente, escribín teatro. Fun moi afeccionado á literatura teatral desde os meus anos mozos, podería dicir que desde os meus anos infantís. Reunín catro pezas nun volume. Trátase das tituladas *Sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *Auto do prisioneiro* e *A Arbre*. Si, é un libro que circula por aí desde o ano 1969.

**Entre a súa obra lingüística está no ano 1965 *Gramática elemental del gallego común*. Que o levou a escribir este libro? Era necesaria unha gramática posta ao día?**

Evidentemente, era necesaria. En realidade, aínda que tiñamos outras gramáticas con anterioridade á data en que se publicou a primeira edición de *Gramática elemental del gallego común*, estas gramáticas estaban moi anticuadas e ademais esgotadas. Eran gramáticas decimonónicas. Había unha gramática histórica perfectamente científica que era a de Don Vicente García de Diego pero gramáticas sincrónicas, gramáticas que estudasen a estrutura do idioma no momento actual non existían ou non tiñan interese científico, e, como profesor de Lingua Galega considerei oportuno, considerei necesario, axudar aos meus discípulos coa redacción dun manual que xa alcanzou moitas edicións. Paréceme que vai na oitava edición a *Gramática elemental del gallego*

Conferencia inaugural do Congreso "Rosalía de Castro e o seu tempo" no paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela en xullo de 1985



común, que, naturalmente revisaba en cada momento, porque a Lingüística é unha das ciencias modernas que experimentan máis transformacións e, aínda que non quero estar á última moda, porque como dicía Oscar Wilde, a moda é o que pasa de moda. De todos os xeitos, sempre hai críticas ou hai aportacións de aspectos concretos da Lingüística ou da Lingüística Galega, que son recollidos na nova edición da miña gramática.

#### **E que traballos ten hoxe en día en preparación o Profesor Carvalho Calero?**

Moitos traballos. En realidade, por unha banda hai reedicións ou edicións de obras xa redactadas. Xa lle dixen que está a punto de saír, cicais saíra xa do prelo, unha reedición da *Xente da Barreira*, desa novela á que se engaden algúns relatos máis, algunhas historias que a complementan. Tamén está a punto de saír o terceiro tomo da miña *Antoloxía histórica da prosa galega, Prosa 3*, que comprende a prosa medieval, a prosa renacentista, a prosa barroca e a prosa neoclásica. E, en fin, unha nova edición, que será a terceira, da miña *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, que é a máis volumosa das miñas producións, xa que alcan-

za máis de 1.000 páxinas. Por outra parte, sempre hai innumerábeis traballos de carácter lingüístico, de tipo monográfico para revistas técnicas como *Verba*, por exemplo, a revista que se fai na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Vanse imprimir, estarán tamén a punto de aparecer, unhas conferencias que dei en Buenos Aires e Montevideo hai uns anos cando fun convidado polo Centro Galego de Buenos Aires, da capital argentina, para acudir ás celebracións que se verifican sempre ao redor do día de Galiza. En fin, hai moita cousa. En canto a traballar, estou facendo unha obra de teatro, unha nova obra de teatro. Desde logo si teño feito un acto dunha obra de teatro que titularéi *Os xefes* e que ten un contido de tipo político. Non de tipo partidista. En realidade, o que pretendo demostrar, ou o que pretendo mostrar para ser máis exacto, nesta peza, é a ambigüidade da política. Pero, en fin... Se chego a publicala pois xa a lerá vostede, se é tan amábel, e, se non chego a publicala, non vale a pena de falar dela. Porque xa digo, teño só un acto da mesma escrito, o acto terceiro. Van ser tres actos pero escribín o final que é o que teño máis claro.

#### **O tempo se nos acaba pero quixeramos pechar esta conversa co profesor Carvalho Calero preguntándolle como ve o futuro da lingua galega?**

Desde logo eu non son zahorí. Eu non son futurólogo. Teño unha enorme desconfianza en todo o que se refere á previsión do futuro. A miña vocación de profeta é absolutamente inexistente. Non son nen me considero profeta senón que non teño simpatía nengunha polos profetas. Unicamente debo indicar o seguinte. Que o galego terá un porvir brillante se os galegos queren que o teña. Somente recomendaría ás novas xeracións que non se esqueceran de que o galego non é un aerolito isolado do resto das linguas peninsulares. Como antes indiquei, existe unha variante histórica do galego que se desenrolou no sul do país e que se transformou en portugués. Esta variante do galego é unha variante de proxección universal e unha lingua que proxectada nas antigas colonias portuguesas é hoxe un dos idiomas máis falados do mundo.

**A través das verbas do filólogo Profesor Carvalho Calero soubemos un pouco máis da lingua galega e da súa persoa. Graciñas de novo, Profesor ■**